

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 19 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día dezanove de decembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE, de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

.

1(1696).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

**2(1697).- LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR PARA “MELLORAS EN FOGARES”.
EXPTE. 70118/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Política de Benestar, do 5.12.2012, conformado pola concelleira delegada da área e pola concelleira de Facenda, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 13.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar o gasto de 20.000 euros con cargo á partida 2310.780.00.00 “ Melloras en fogares”.

2.- Aprobar a realización de libramientos a xustificar ata o importe máximo autorizado no apartado primeiro, a nome das funcionarias habilitadas de Política de Benestar, D^a M^a Paz Fernández Fernández, DNI 03821230X, e D^a M^a José Quintela Rodríguez, DNI 35995956-J para facer efectivos os referidos gastos e que serán aboados na conta rextrinxida da Tesourería Municipal.

3(1698).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A PEUGEOT CITROEN AUTOMOVILES ESPAÑA S.A. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9263/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 11-12-12, do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro delegado de área, vistos así mesmo os informes xurídico e da Intervención Xeral de datas 3 e 7 de decembro de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a **PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A.**, con CIF: G36893956.

Segundo.- Autorizar o gasto de 150.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4700001 “Convenio Citroen Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.

Terceiro.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

“En Vigo, a ____ de _____ de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, D., na súa calidade de Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto..... e acordo da Xunta de Goberno Local de datadous mil doce.

Doutra, Don Juan Antonio Muñoz Codina e Dna. M^a Estefanía Narrillos Roux,, en nome e representación de PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A. – Centro de Vigo (en adiante a beneficiaria) con domicilio social en Vigo, Avda. Citroën 3 y 5, según escritura de poder otorgada o seu favor, ante o notario de Madrid D. Luis Garay Cuadros, n^o de protocolo 3.256., que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando os comparecentes que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados no Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, empresarial e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas empresas de tal xeito que se mellore a situación das persoas en situación de desemprego.

MANIFESTAN

I.- - Que tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no obxecto do presente convenio e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e económico:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
33.076	32.944	132	2.174	1.150	1.024	30.902	14.057	16.845

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

PARO_TOTAL	AGRICULTURA_GANADERIA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN DETERMINAR
33.076	442	4.999	3.161	21.431	3.043

II.- Que PSA Peugeot Citroen Automóviles España, S.A – Centro de Producción de Vigo, ten establecido na súa escritura de constitución como fin e actividade a construción e fabricación de vehículos a motor, cuxa implantación na cidade de Vigo, con máis de 6000 empregos directos convírtea nun dos principais motores económicos da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e empresas mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de fomento da empregabilidade.

IV.- Estas circunstancias así como a capacidade de PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo para xerar emprego e a súa influencia e importancia no entorno económico e empresarial impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é favorecer a inserción laboral das persoas traballadoras menores de trinta anos e desempregadas que presentan maiores dificultades para incorporarse ao mercado de traballo.

VI.- Que PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que para a cidade de Vigo representa a actividade de PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo, o Concello de Vigo e PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, e, concretamente, a:

- ▣ facilitar a inserción profesional e adquisición de experiencia laboral de persoas traballadoras menores de trinta anos, desempregadas e inscritas como tal nas oficinas de emprego e empadroadas na cidade de Vigo, mediante a formalización de contratos de traballo para prestar actividade laboral no Centro de Producción de Vigo.
- ▣ Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- ▣ En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación na formalización das contratacións mediante a posta a disposición da beneficiaria da Bolsa de Emprego dispoñible do Concello mediante a preselección dos candidatos que, en atención a demanda de emprego da beneficiaria se axusten as condicións solicitadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da beneficiaria.

3. Conceder directamente á beneficiaria unha subvención total por importe de 150.000,00 € con cargo á partida 2410 4700001 "Convenio Citroen Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de subvencionar as contratacións que, cumprindo os requisitos establecidos neste documento, se formalicen dende o 1 de outubro de 2012 ata o 31 de marzo de 2013, ambos inclusive.

Terceiro.- Serán subvencionables, con 1.500,00 €, os contratos de traballo, en calquera das modalidades contractuais vixentes cunha duración mínima de seis meses, que a beneficiaria suscriba, entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013, con persoas veciñas de Vigo e desempregadas, inscritas como tal nas oficinas do emprego.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria comunicará ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique a necesidade financeira da mesma. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter laboral da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa empresa PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A.

Sexto.- Se o número total de contratos subvencionados fose inferior o inicialmente previsto na concesión de presente subvención, procederá a súa redución na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe,

procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada, así como copia dos contratos de traballo das persoas contratadas entre o 01 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

Décimo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que acreditará coa aportación dos correspondentes certificados.*

Décimo primeiro.- *A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo segundo.- *A beneficiaria facilitará toda a información que se lle requira pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo terceiro.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

Décimo cuarto.- *Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

Décimo quinto.- *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- *A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola beneficiaria.*

Décimo séptima.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a un de outubro de dous mil doce.”

4(1699).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “URBANIZACIÓN DA ÁREA DOTACIONAL AD-6 DISCONTINUA SAN SEBASTIAN-ABELEIRA MENÉNDEZ”. EXPTE. 1669/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da área de Fomento, do 14.12.2012, conformado polo xefe da área de Fomento e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico da letrada e da titular da Asesoría Xurídica, do 17.12.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 18.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto Modificado nº1 das obras de “Urbanización da Área Dotacional AD-6 Discontinua San Sebastián/Abeleira Menéndez”, que non supón incremento do presuposto previsto no primitivo proxecto.

SEGUNDO.- Acordar a modificación do contrato de obras adjudicado á mercantil ORESA, S.L. en sesión da Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2012 por un importe de 192.814,46 euros, que ten por obxecto a “Urbanización da Área Dotacional AD-6 Discontinua San Sebastián/Abeleira Menéndez”. A modificación acordada non implica incremento, nin diminución do importe de adjudicación. As obras executaranse conforme co sinalado no Proxecto indicado no apartado anterior.

5(1700).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA, S.A., POLOS SERVIZOS PRESTADOS DE APOIO Á XESTIÓN DO

APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL, NOS MESES DE XULLO E AGOSTO 2012. EXPTE. 83726/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 26.11.2012, conformado pola concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 12.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante os meses de xullo e agosto de 2012) de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola cidade entidade mercantil, por un importe total de **56.340,87 €** (IVE engadido) con cargo á partida 1330.2279906 (Aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán **sen saída real de fondos**, en formalización.

6(1701).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA, S.A., POLOS SERVIZOS PRESTADOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL, NO MES DE SETEMBRO 2012. EXPTE. 84239/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 12.12.2012, conformado pola concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 13.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante o mes de setembro de 2012) de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola cidade entidade mercantil, por un importe total de 24.528,97 € (IVE engadido) con cargo á partida 1330.2279906 (Aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán **sen saída real de fondos**, en formalización.

7(1702).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA, S.A., POLOS SERVIZOS PRESTADOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL, NO MES DE OUTUBRO 2012. EXPTE. 84260/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 12.12.2012, conformado pola concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 13.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante o mes de outubro de 2012) de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola cidade entidade mercantil, por un importe total de

28.534,81 € (IVE engadido) con cargo á partida 1330.2279906 (Aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán **sen saída real de fondos**, en formalización.

8(1703).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A DIVERSAS ENTIDADES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS 2012. EXPTE. 3377/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Xuventude, do 18.10.2012, conformado pola xefa do servizo de Xuventude e pola concelleira delegada da área, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 12.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Excluir da lista de admitidos ás seguintes solicitudes polos motivos referidos a continuación:

- 1.- Asociación cultural e xuvenil da Cereixa**, por non aportar a documentación solicitada na base décimo primeira, apdo g), das bases xerais da Convocatoria.
- 2.- Círculo Mercantil de Vigo**, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.
- 3.- Vigo en morado**, por presentar a solicitude fora do prazo establecido nas bases da convocatoria.
- 4.- Xuventude Comunista**, por non aportar ningunha documentación requerida nas bases da Convocatoria.
- 5.- Asociación veciñal, cultural e deportiva de San Xurxo**, por non aportar a documentación solicitada na base décimo primeira, apdo g), das bases xerais da Convocatoria.
- 6.- Son das mámoas**, por non aportar ningunha documentación das requeridas nas bases da convocatoria.
- 7.- DNOTA**, por non aportar a documentación requerida na base décimo primeira, apdo c), apdo e), pado h) das bases xerais da convocatoria.
- 8.- Asociación xuvenil Cancerbero**, por non aportar a documentación requerida na base décimo primeira, apdo f), apdo h), apdo i), apdo m) das bases xerais da convocatoria.
- 9.- Club de Montañeros Celtas**, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.
- 10.- Vigoextreme Asociación cultura urbana**, despois de comunicar que anulaban a realización do proxecto presentado.
- 11.- Aprende xogando**, por non aportar a documentación requerida na base décimo primeira apdo c), apdo g) das bases xerais da convocatoria.

2º- Conceder unha subvención para as seguintes entidades que a continuación se relacionan coa ponderación correspondente. *(As valoracións completas realizadas pola Comisión de Valoración pódense consultar no presente expediente na Acta da Xuntanza da Comisión):*

<u>ASOCIACIÓN/GRUPO</u>	<u>Puntos</u>	<u>Subvención</u>
Asociación cultural ALG-A CIF: G36985950 Subvención solicitada: 2.400€ Corpo, verba, son. Nº 8	8,88	728,02
Agrupación centros deportivos e culturais de Vigo CIF: G 36791291 Subvención solicitada: 2000€ Talleres para nenos nº11	5,23	428,70
Colectivo Cultural alternativo Malaherba CIF:G36983310 Subvención solicitado: 2500€ Escenario xuventude no Festival Sons da Lameiro nº12	9,22	755,76
CCR CABRAL Vocalía Xuvenil Asubío CIF: V 36658680 Subvención solicitada: 800€ Dinamización do barrio nº 13	6,25	512,31
O teatro das sombras Subvención solicitada: 1.100€ Rol en vivo "A casa da Tolemia" nº 22	7,75	635,27
Asociación Xogais Subvención solicitada: 3765€ CIF: G36917037 Xuventude Watsap viguesa nº 27	7,24	593,13
Asociación xuvenil e cultural Esbozos CIF: 27755065G Subvención Solicitada: 2000€ Actividades 2012. Asociación Esbozos xuvenil e cultural nº 25	7,47	611,91
Asociación xuvenil do CSCR de Beade CIF: G36851806 Subvención solicitada: 2440,23€ Beade activízate nº24	5,51	451,65
Trasnos Beisbol Club CIF: G27750645 Subvención solicitada: 4092,97€ II Campus de verano Trasnos BC-Ciudad de Vigo- nº18	5,47	448,70
Asociación xuvenil Xentenova CIF: G 36636538 Subvención solicitada: 1500€	9,43	772,57

Proxecto Eixo nº 16		
Asociación xuvenil cultural Musiquina 33mg CIF: G 36946432 Subvención solicitada: 1000€ Festival da mina nº 14	8,04	658,79
Casa de Andalucía de Vigo CIF: G 36621290 Subvención solicitada: 500€ Objetivo Andalucía nº 9	4,04	331,16
Asociación xuvenil Xuntanza Xuvenil de Valadares CIF: G 36744951 Subvención solicitada: 3000€ Clube de lecer e estratexia e actividades de dinamización 2012 nº6	9,71	795,93
Clube Freestyle Slalom Vigo 62772235 Subvención solicitada: 2800€ Masterclass nº 4	7,44	609,77
ASOCIACIÓN GALEGA DE PERCUTAS OMAR CIF: G36482347 Subvención solicitada: 1250€ Saúde e ritmo, 2012 nº 1	8,55	700,84
ASOCIACIÓN XUVENIL NOVAS RUTAS CIF: G 36745016 Subvención solicitada: 11347€ Proxecto socioeducativo Aledar nº 19	4,33	354,93
CRUZ ROJA ESPAÑOLA CIF: Q2866001 G Subvención solicitada: 2050€ Proxecto Neo 12 nº 23	7,44	609,86

TOTAL PUNTOS DE TODAS AS ENTIDADES.....121,99

**COEFICIENTE (10.000 EUROS/ SUMA DE PTOS ENTIDADES),
RELACIÓN 1:1 COEFICIENTE:EURO.....81,97€**

TOTAL EUROS A SUBVENCIONAR.....9,999,32€

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

Am/rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.